



# PLAN DIXITAL

## CEIP PRINCESA DE ESPAÑA

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## ÍNDICE PDC

|                                                                                                           |           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1.Introdución.....</b>                                                                                 | <b>3</b>  |
| 1.1. Datos básicos do centro.....                                                                         | 4         |
| 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro..... | 6         |
| 1.3. Breve xustificación do mesmo.....                                                                    | 14        |
| 1.4. Proceso de elaboración.....                                                                          | 19        |
| <b>2.Situación de partida.....</b>                                                                        | <b>20</b> |
| 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.....                                                       | 20        |
| 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....                                                           | 29        |
| 2.3. Análise DAFO.....                                                                                    | 35        |
| <b>3. Plan de Acción.....</b>                                                                             | <b>37</b> |
| 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....                                                               | 37        |
| 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....                                    | 42        |
| <b>4.Avaliación do plan.....</b>                                                                          | <b>43</b> |
| <b>5.Difusión do plan.....</b>                                                                            | <b>45</b> |

## 1.Introdución

A transformación dixital educativa é unha das principais respostas aos retos expostos actualmente, con repercusións inmediatas no ámbito escolar pero que o transcende, para facilitar a adquisición e desenvolvemento de competencias e habilidades a quen formarán a cidadanía nun futuro inmediato.

A competencia de tratamento da información e competencia dixital consiste esencialmente en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Polo tanto, o dominio e a alfabetización TIC converteuse nunha técnica instrumental imprescindible. Ademais, a natureza complexa e globalizadora da competencia dixital contribúe ao desenvolvemento do resto das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a competencia social e cidadá e a competencia para aprender a aprender.

Así mesmo, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrecen o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixo transversal dentro da actividade docente. Todo iso esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares.

É precisamente esta transcendencia global das novas tecnoloxías o que xustifica a confección deste plan como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos concernentes á devandita transformación dixital no centro.

Por este motivo ao comezo do presente curso 2021 / 2022, todos os centros educativos non universitarios de Galicia, a instancias da Consellería, Educación e Universidade, puxémonos en camiño para a elaboración dun Plan Dixital de Centro (PDC), coa finalidade de atender á realidade, cada vez máis evidente, de non quedarnos atrás nesta era da dixitalización que se está a impoñer en todos os eidos da sociedade para, deste xeito, ter aos centros como referentes e dinamizadores desta realidade.

Analizar a situación de partida do centro, testar o nivel de competencia dixital do profesorado, descubrir os puntos fortes e débiles a nivel interno e externo, ademais de deseñar un plan de acción adecuado ás necesidades do colexio, foron algúns dos pasos dados ao longo do curso e que forman parte integrante deste PDC, no que imos debullar polo miúdo todos os aspectos relevantes á realidade do CEIP Princesa de España e que serán a referencia para desenvolver o noso proxecto de cara ao futuro máis achegado.


Trátase dun documento, o que imos desenvolver, que vai estar vivo, con intención de ser revisado e actualizado, ademais de darlle a suficiente difusión para que toda a comunidade educativa sexa partícipe e coñecedor das transformacións que se van dar como consecuencia da aplicación do mesmo, sempre dentro dos parámetros ditados no Marco Europeo de Competencia Dixital Docente, expresados no DigCompOrg desenvolto polo Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre) da Comisión Europea e o DigCompEdu.

Contamos para elo co respaldo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o financiamento da UE a través dos fondos NewGeneration, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e o respaldo do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

## 1.1. Datos básicos do centro

O presente Plan Dixital, está elaborado polo Equipo Dinamizador que para o efecto se creou neste centro educativo, do que pasamos a referir as pegadas que o identifican:

- CÓDIGO e NOME DO CENTRO: 32013521 - CEIP Princesa de España
- ENDEREZO: Rúa Antonio Fernández Pérez, s/n – 32600 VERÍN (Ourense)
- UBICACIÓN: Coordenadas GSM: 41° 56'0,661'' N / 7° 26'28,5''O
- TELÉFONO: 988 41 01 28
- CORREO ELECTRÓNICO: [ceip.princesa.espanha@edu.xunta.es](mailto:ceip.princesa.espanha@edu.xunta.es)
- WEBS: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipprincesaespanha/> (en desuso)  
<https://www.ceipprincesaespanha.org/>
- ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil (2º Ciclo) e Educación Primaria.
- Nº ALUMNOS: 186 (30 en Educación Infantil e 156 en Educación Primaria).
- PROFESORADO: 28 (incluíndo titoras e especialistas), ademais dunha Intérprete de Lingua de Signos Española e unha Auxiliar de Conversa Inglesa.



Imaxe 1: Localización




Imaxe 2: Escudo de Verín

O CEIP “Princesa de España” consta dun edificio principal de baixo (onde se localiza a sala de mestres, as oficinas, a aula de Educación Física e o ximnasio) e cinco andares (neles atópanse as aulas), así como dun anexo, na parte posterior, de baixo (aula de recursos de material) e un andar (aula de Música). Á dereita do edificio principal levántase o edificio destinado a comedor e cociña.

Dentro do recinto escolar existe tamén hai unha construción, á esquerda do edificio principal, adicada a vivendas para Mestres.

Todas estas dependencias dan a un amplo patio de recreo, con diferentes divisións adicadas a cancha de baloncesto, campo de fútbol e outras para diversos xogos. no que se atopa diferenciada unha zona como patio para o alumnado de Educación Infantil.



Hai que destacar a diversidade de procedencia do alumnado do centro, contando cunha importante porcentaxe de familias inmigrantes de Marrocos (sobre o 15% do total), Gana, Brasil, Venezuela, Guatemala ou Paquistán; de países da UE como Portugal ou Romanía; e cabe destacar unha cantidade significativa de etnia xitana (algo máis do 40% do total). Pódese dicir que máis dos 2/3 do alumnado encádrase nesta gran variedade coa que contamos.

No primeiro trimestre do curso 15/16, coincidindo co cambio do equipo directivo do colexio, a dirección fixo unha convocatoria as país/nais do noso alumnado para animalos a poñer en marcha unha A.N.P.A no centro, quedando constituída cos seus propios estatutos e feitos os trámites necesarios para a súa posta en marcha.

A A.N.P.A. desde a súa creación, ven colaborando de forma eficaz co centro na organización de actividades, así como nas celebración e festividades que se levan a cabo no colexio.

O C.E.I.P. “Princesa de España” ten adscrito ao C.R.A. “Monterrei”, centro do que se incorporan a partir de 3º E.P. Por outra banda, o noso centro está adscrito ao I.E.S. “Xesús Taboada Chivite”, ao que, polo xeral, acoden para cursar a ESO, como parte do ensino obrigatorio. Tanto con un coma co outro existe unha relación de colaboración fluída.


As relación co concello son cordiais e a súa actitude foi sempre receptiva ante as solicitudes realizadas dende o centro. Esta entidade local asume os labores de limpeza do centro, aportando persoal para a súa realización, así como o mantemento. Ademais, aporta un traballador que realiza as funcións de conserxe, para cubrir as diversas necesidades diarias que xorden e colaborar no bo funcionamento.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

A poboación do concello de Verín viña experimentando un crecemento sostido alcanzando o seu valor máximo no ano 2.013 no que se aproximou aos 14.800 habitantes, a partires dese momento prodúcese un descenso, que se mantén ate a actualidade, contando neste momento con 13.644 habitantes (2.021) o que nos da una densidade de poboación de 145,15 hab./Km<sup>2</sup>.


# INē

Instituto Nacional de Estadística




Imaxe 4: Poboación Verín





Imaxe 5: Pirámide de poboación



Imaxe 6: Distribución por núcleos

FONTE:  
<https://www.foro-ciudad.com/orende/verin/habitantes.html#Localidades>

Polo que respecta ao concello de Monterrei, do que tamén recibimos alumnado de seis das súas once parroquias, cabe sinalar que este concello ten unha poboación de 2.501 hab., con unha densidade de 21,05 hab./km<sup>2</sup> (2.021), correspondéndolle as parroquias da zona deste centro o 64% o que supón unha poboación de 1.613 hab.

**INE**

Instituto Nacional de Estadística

Censo Electoral

Sede electrónica

Compartir

Banco de series temporales

INEbase

(0) series

Descargar como

Excel: extensión XLS

Ir

Gráfico

Volver

Número de últimos datos a mostrar:

10

Ir

Forma de mostrar los datos:

Columnas

Ir

Monterrei. Total. Total habitantes. Personas.

Serie

DPOP14872

Periodicidad

Anual

Unidad

Personas

DATOS

| PERIODO | VALOR | TIPO DATO  | NOTA |
|---------|-------|------------|------|
| 2021    | 2.501 | Definitivo |      |
| 2020    | 2.520 | Definitivo |      |
| 2019    | 2.529 | Definitivo |      |
| 2018    | 2.602 | Definitivo |      |
| 2017    | 2.655 | Definitivo |      |
| 2016    | 2.713 | Definitivo |      |
| 2015    | 2.758 | Definitivo |      |
| 2014    | 2.809 | Definitivo |      |
| 2013    | 2.875 | Definitivo |      |
| 2012    | 2.924 | Definitivo |      |

Dato: Protegido por secreto estadístico  
Dato: Dato no disponible

INE

Instituto Nacional de Estadística



Censo Electoral

Sede electrónica


Compartir

Banco de series temporales

INEbase

(0) series | Volver

Tipo de gráfico: Barras | Número de últimos datos a mostrar: 10 | Ir




Listado de series graficadas


Todas las series

DPOP14672 - Monterrei. Total. Total habitantes. Personas.

Imaxe 7: Poboación Monterrei



Imaxe 8: Pirámide de poboación



Imaxe 9: Distribución por núcleos

FONTE:  
<https://www.foro-ciudad.com/orense/monterrei/habitantes.html>



## Estatística do IRPF

Segundo os datos feitos públicos polo Ministerio de Facenda a renda bruta media por declarante, no municipio de Verín en 2019 foi de 20.512€ (últimos datos dispoñibles á redacción deste documento), 224€ mais que no ano 2018. Unha vez descontada a liquidación por IRPF e o achegado á Seguridade Social a renda dispoñible media por declarante situouse en 17.572€, 223€ mais que no ano 2018.

En 2019 Verín sitúase como o municipio nº 105 cunha maior renda bruta media na comunidade de Galicia e o nº 2.814 a nivel Nacional (sen Euscadi e Navarra).

## Paro rexistrado a Abril de 2022 (últimos datos cando se redacta este documento)

Segundo os datos publicados polo SEPE no mes de Abril o número de parados subiu en 24 persoas. Das 24 persoas novas en de a lista do paro en Verín aumento en 11 homes e 13 mulleres.

O número total de parados é de 1.217, dos cales 509 son homes e 708 mulleres.


As persoas maiores de 45 anos con 661 parados son o grupo de idade mais afectado o paro, seguido dos que se atopan entre 25 e 44 anos con 461 parados, o grupo menos numeroso son os menores de 25 anos con 95 parados.

Por sectores vemos que no sector servizos é onde maior número de parados existe no municipio con 751 persoas, seguido das persoas sen emprego anterior con 165 parados, a industria con 116 parados, a construción con 101 parados e por ultimo a agricultura con 84 parados.


| Abril 2022                 | Total Parados | Variación  |                |            |                |
|----------------------------|---------------|------------|----------------|------------|----------------|
|                            |               | Mensual    |                | Anual      |                |
|                            |               | Absoluta   | Relativa       | Absoluta   | Relativa       |
| <b>Total</b>               | <b>1217</b>   | <b>+24</b> | <b>2.01 %</b>  | <b>-34</b> | <b>-2.72 %</b> |
| HOMES                      | 509           | +11        | 2.21 %         | +36        | 7.61 %         |
| MULLERES                   | 708           | +13        | 1.87 %         | -70        | -9.00 %        |
| <b>MENORES DE 25 ANOS:</b> | <b>95</b>     | <b>+6</b>  | <b>6.74 %</b>  | <b>+10</b> | <b>11.76 %</b> |
| HOMES                      | 41            | +1         | 2.50 %         | 0          | 0 %            |
| MULLERES                   | 54            | +5         | 10.20 %        | +10        | 22.73 %        |
| <b>ENTRE 25 E 44 ANOS</b>  | <b>461</b>    | <b>+27</b> | <b>6.22 %</b>  | <b>-24</b> | <b>-4.95 %</b> |
| HOMES                      | 202           | +1937      | 1,014.14 %     | +17        | 9.19 %         |
| MULLERES                   | 259           | +16        | 6.58 %         | -41        | -13.67 %       |
| <b>MAIORES DE 45 ANOS</b>  | <b>661</b>    | <b>-9</b>  | <b>-1.34 %</b> | <b>-20</b> | <b>-2.94 %</b> |
| HOMES                      | 266           | -1         | -0.37 %        | +19        | 7.69 %         |
| MULLERES                   | 395           | -8         | -1.99 %        | -39        | -8.99 %        |
| <b>SECTOR:</b>             |               |            |                |            |                |
| AGRICULTURA                | 84            | +3         | 3.70 %         | +21        | 33.33 %        |
| INDUSTRIA                  | 116           | +6         | 5.45 %         | -29        | -20.00 %       |
| CONSTRUCCIÓN               | 101           | -3         | -2.88 %        | -3         | -2.88 %        |
| SERVIZOS                   | 751           | +8         | 1.08 %         | -43        | -5.42 %        |
| SEN EMPREGO ANTERIOR       | 165           | +10        | 6.45 %         | +20        | 13.79 %        |

FONTE:  
<https://www.foro-ciudad.com/orense/verin/habitantes.html#Localidades>

Imaxe 10: Evolución desempleo




Imaxe 11: Sectores produtivos



Da observación das imaxes 11 e 12 podemos incidir que a principal actividade das persoas ocupadas, tanto do concello como da comarca de Verín, está no sector dos servizos (66 % no caso de Verín e 55 % no caso da comarca), pero aquí tamén debemos facer, unha vez máis, unha análise máis detallada dos datos, pois se ben estes son válidos para a vila de Verín deixan de selo cando nos referimos ao rural e as parroquias do veciño concello de Monterrei, e aínda que nos de unha cifra similar para toda a comarca esta está condicionada polos datos da

capital da mesma. A nosa conclusión, para a poboación da área deste centro, é que ese dato é demasiado alto, aínda que somos conscientes que algunhas das persoas que viven no rural teñen os seus traballos neste sector na vila de Verín, tamén debemos facer constar aquí que un porcentaxe importante das familias do noso alumnado teñen como actividade principal a venda ambulante.


Imaxe 12: Sectores produtivos Verín



Polo que respecta á agricultura, baseada fundamentalmente na actividade vitivinícola, na nosa zona de escolarización a cifra é máis alta que a que aparece nos gráficos, polo mesmo motivo, aínda que en algún caso esta actividade sexa complementaria.

Empresas (Unidades)

Imaxe 13: N° empresas Verín




Como podemos ver no gráfico 8 o número de empresas en Verín sufriu unha redución importante, se ben experimentou un lixeiro ascenso nos anos 2018 e 2019. Na actualidade destacan as plantas embotelladoras de augas minerais e as vitivinícolas, estas últimas, en gran parte parte, de carácter familiar.

No eido cultural, debemos ter en conta as diferenzas entre o urbano e o rural, polo que os datos que nos parecen axeitados son os que se refiren á comarca máis que aos referidos ao concello de Verín.

Seguindo este criterio podemos apreciar que a porcentaxe de persoas sen estudos é moi superior (case o dobre) ca media da provincia e ca media galega (máis do dobre) mentres que a porcentaxe de persoas con un nivel de estudos secundarios é moi inferior a esas dúas medias, diferenza que se acentúa aínda máis no que se refire aos estudos universitarios.

Imaxe 14: Nivel de estudos



➔ **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa, ....**

O CEIP Princesa de España como centro público expón a educación como un servizo a toda sociedade e ao entorno no que está situado; contribuíndo, dentro das nosas posibilidades, a compensar as desigualdades sociais.

Propugnamos que a calidade do ensino non se refire só a dotar ao alumnado de hábitos, capacidades e instrumentos básicos que os facultan para adquirir un axeitado nivel de coñecementos, senón que ademais pretendemos potenciar ao máximo as competencias que lles faciliten a posibilidade real dun desenvolvemento integral da súa personalidade dun xeito activo, participativo e colaborativo. Intentamos, polo tanto, fomentar un espírito crítico e pragmático, potenciar o razoamento lóxico e fundamentado, preparar ao alumnado para ser quen de interpretar as súas propias experiencias, expresar abertamente a súa afectividade de xeito espontáneo e deixar paso aos aspectos da creatividade e orixinalidade das persoas. Entendemos que este proceso educativo e formador na escola debe estar integrado e complementado na aceptación da existencia dunha sociedade plural, aconfesional e democrática, sustentada en valores fundamentais como o esforzo, a solidariedade e o respecto.

A igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres, forman parte fundamental dos ideais que queremos transmitir, así como estar sempre ao servizo da comunidade na que estamos integrados, non podendo ignorar a realidade e a tradición galegas e das demais etnias e culturas que integran o conxunto da comunidade escolar.

O presente PDC, polo tanto, terá en conta todas estas particularidades, conectando coa realidade descrita e incluíndo os aspectos máis relevantes e integradores para a consecución do propósito último de implementación da competencia dixital co apoio dos diversos programas e actividades que no centro se desenvolvan. Isto reflectirase no Proxecto Educativo de Centro (PEC) de maneira explícita, dando conta da relevancia que ten o feito do uso das TIC, dada a alta implantación a nivel social como uso lúdico, para tentar levar ao eido educativo a súa utilización con destreza para unha formación integral das persoas de xeito complementario a outras actuacións, comezando unha alfabetización dixital, tan necesaria para que a sociedade avance axeitadamente e non quedar relegados nun mundo cada vez máis tecnificado.

O CEIP Princesa de España leva xa uns cantos cursos traballando coas TIC, tanto co profesorado como co alumnado, transmitíndolles a necesidade do seu coñecemento e uso adecuado, algo que desexamos potenciar tendo como vehículo condutor este PDC.

Desde que aparece no currículo unha hora de Libre Configuración para os centros educativos en 4º e 6º de EP, vímolos adicando a actividades co alumnado relacionadas coas TIC, programando diversas accións (mecanografía, ofimática, deseño e traballo con imaxes ...), a nivel básico, como corresponde a alumnado de Primaria.

Así mesmo, tense feito algunha actividade usando a Aula Virtual do centro, algo que se debe mellorar e que pretendemos facelo coa aplicación do presente PDC, sobre todo para alumnado de 3º EP en diante, aínda que puntualmente no noso desexo está a participación dos que se atopan en niveis inferiores (EI, 1º e 2º EP), para que vaian adquirindo destrezas e coñecemento relativos a esta ferramenta.

Tamén hai que destacar a participación do alumnado, en diversas ocasións, de actividades tales como “Navega con Rumbo”, ademais da celebración cada ano do “Día internacional da muller a da nena na ciencia” organizando diversos actos relacionados co evento, o “Día da ciencia en galego” ou o “Día da internet segura”.

A situación creada como consecuencia do peche de todos os centros educativos e o confinamento sufrido en todo o país, encamiñou cara unha nova forma de desenvolver a actividade docente, tendo que buscar vías alternativas á docencia presencial, para proseguir coa actividade lectiva durante o terceiro trimestre do curso 2019 / 2020. No noso centro, dada a escasa posibilidade de conectividade de conexión á rede, tanto por unha dispoñibilidade escasa de equipos informáticos nos fogares, como a insuficiente competencia dixital da comunidade educativa en xeral, decidiuse realizar o envío de tarefas a través de dúas vías: a páxina web do centro e grupos de difusión usando o teléfono móbil. Funcionou de maneira satisfactoria, tanto no envío como na recepción, resultando ser unhas ferramentas que deron a suficiente cobertura para poder chegar a todas as familias e houbera unha comunicación fluída.

Ao longo dos últimos cursos téñense levado a cabo co profesorado cursos de formación con temáticas relacionadas coas TIC. Así, podemos referir os seguinte a modo de exemplo:

- Curso 2015 / 2016 – Navegando na 2.0
- Curso 2016 / 2017 – Robótica, Arduino, Android e seguridade viaria para a aula
- Curso 2020 / 2021 – Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes.  
Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto.
- Curso 2021 / 2022 – Plan Dixital de Centro.

Para o próximo curso 2022 / 2023, o centro ten solicitado formar parte dos “Polos Creativos”, optando ás liñas de audiovisuais e robótica básica, para o que foi presentada a correspondente solicitude, agardando unha valoración positiva por parte da comisión de selección.

A participación nos “Contratos-Programa”, “Proxecta+” (como poida ser a liña “Xermoliño” de “Aliméntate ben” e algún outro) e a continuación da formación do profesorado, solicitando PFPP acordos coas necesidades e obxectivos marcados, reflectirán o uso e avance na dixitalización para non quedarnos atrás neste eido.

Como ben se pode entender, son previsións ás que aspiramos, e que dependen da súa aprobación polos órganos correspondentes, a partir do deseño que de ditas actuacións se faga por parte dos equipos formados para a súa planificación e desenvolvemento no seu momento.

### ➔ Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

A inclusión na PXA de forma máis evidente do uso de ferramentas corporativas e un uso máis habitual das mesmas en calquera das áreas curriculares, de xeito que resulte algo cotiá para o profesorado e o alumnado. Así mesmo, todo o desenvolvemento ao longo do curso aparecerá reflectido na memoria final que se redactará en cada nivel, actividade ou programa a desenvolver no próximo curso, sendo estes dous últimos aspectos a decidir cando se convoque o primeiro claustro e que a día de hoxe non están aínda definidos.

De todos xeitos, a idea é potenciar o desenvolvemento profesional continuo de todo o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe do centro, dándolles a coñecer os obxectivos expostos neste PDC a todo o claustro ao comezo do curso, dado o cambio de persoal que haberá cando se poña en marcha o próximo ano escolar.

Nas programacións de cada nivel, reflectirase en cada materia de que maneira se van usar medios dixitais, sendo decisión de cada mestra ou mestre como vai levar a cabo e en que momentos o traballo con estas ferramentas, ademais de decidir aquelas que mellor se adapten ao seu alumnado e á súa materia, tendo sempre en conta o principio de flexibilidade, a adecuación, a motivación, o desenvolvemento das tarefas, así como os medios utilizados para a súa avaliación.



### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do presente PDC, tiveráanse en conta as disposicións ditadas desde a Administración, para seguir unhas consignas comúns en toda a Comunidade Autónoma e conseguir unha coherencia de criterios á hora de obter un produto final o máis axeitado á realidade, tendo en conta as características propias do centro e adoptando as medidas necesarias para que aparezan reflectidas no mesmo.

A relación das normas que atinxen a este proxecto son:

- *Art. 111 bis, da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*  
**“Tecnoloxías da Información e a Comunicación.”**

1. O Ministerio de Educación e Formación Profesional establecerá, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os estándares que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información utilizados no Sistema Educativo Español, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

Para iso, identificaranse os tipos básicos de sistemas de información utilizados polas Administracións educativas, tanto para a xestión académica e administrativa como para o soporte á aprendizaxe, e determinaranse as especificacións técnicas básicas dos mesmos e os distintos niveis de compatibilidade e seguridade no tratamento dos datos que deben alcanzar. Dentro destas especificacións, consideraranse especialmente relevantes as definicións dos protocolos e formatos para o intercambio de datos entre sistemas de información das Administracións educativas.

Estas medidas tamén irán encamiñadas a potenciar e a facilitar o aproveitamento dos rexistros administrativos no marco das estatísticas educativas estatais, para posibilitar a ampliación da información estatística referida ao alumnado, o profesorado, os centros e as xestións educativas, o que redundará na mellora das ferramentas de análises e de seguimento da actividade educativa e das medidas de mellora da calidade do Sistema Educativo Español.

No marco da implantación das citadas medidas, dentro dos sistemas de información propios da xestión académica e administrativa regularase un número identificador para cada alumno ou alumna, a fin de facilitar o intercambio da información relevante, o seguimento das traxectorias educativas individualizadas, incluíndo as medidas educativas que no seu caso se puideron aplicar, e atender demandas da estatística estatal e internacional e das estratexias europeas para os sistemas de educación e formación. En calquera caso, dita regulación atenderá á normativa relativa á privacidade e protección de datos persoais.

2. As contornas virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por iso deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe.



3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de facilitar o seu uso con independencia da plataforma tecnolóxica na que se alberguen.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas Administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.

5. As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización do TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

6. O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

7. As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións.

En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros.”

● Art. 121 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

**“Proxecto educativo.**

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientado ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

2. Devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna. O proxecto recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.»

2 bis. Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que puidesen existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo devandita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.

As Administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación de dicha medidas.»

2 ter. O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, expóñanse as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e a contorna.»

3. No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.

4. Corresponde ás Administracións educativas favorecer a coordinación entre os proxectos educativos dos centros de educación primaria e os de educación secundaria obrigatoria con obxecto de que a incorporación dos alumnos á educación secundaria sexa gradual e positiva.

5. Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignen as actividades que pais, profesores e alumnos comprométense a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

6. O proxecto educativo dos centros privados concertados, que en todo caso deberá facerse público, será disposto polo seu respectivo titular e incorporará o carácter propio ao que se refire o artigo 115 desta Lei.”

- Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

“**Competencias do director ou directora.**

Son competencias do director ou directora:

a) Ostentar a representación do centro, representar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a esta as formulacións, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.

*b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar.*

*c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro.*

*d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.*

*e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.*

*f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas correctoras que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.*

*g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro coa contorna, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.*

*h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.*

*i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.*

*j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo iso de acordo co que establezan as Administracións educativas.*

*k) Propor á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo, previa información ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar do centro.*

*l) Promover experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou materias, de acordo co recolleito no artigo 120.4.*

*m) Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.*

*n) Diseñar a planificación e organización docente do centro, recollida na programación xeral anual.*

*ñ) Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.”*

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

**“Plan dixital de centro**

*Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*

**“Plan dixital de centro**

*Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

*“Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021 - 2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.”*

Pódese acceder ao texto completo da Resolución no enderezo:

[http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/04.-resolucion\\_plan\\_dixital\\_def\\_asinada\\_mmr.pdf](http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/04.-resolucion_plan_dixital_def_asinada_mmr.pdf)

## 1.4. Proceso de elaboración

### → Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Seguindo as directrices marcadas pola normativa, anteriormente descrita, no CEIP Princesa de España creouse un Equipo de Dinamización para a elaboración do Plan Dixital de Centro. Dito equipo, integrado por 6 docentes pertencentes ao claustro e con distintas labores encomendadas (titorías tanto de EI como de EP, especialistas en PT, Orientadora do centro), foron as encargadas de acometer as accións necesarias para ir debullando os pasos necesarios para chegar o documento final.

En primeiro lugar, unha vez constituído o equipo, solicítase o correspondente PFPP encadrado na liña de traballo destinada á Competencia Dixital Docente, concedéndose o mesmo na *“RESOLUCIÓN do 3 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se resolve a do 15 de xuño de 2021 na que se convocou a selección de plans de formación permanente do profesorado (PFPP) que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2021/22.”*

Como primeira actividade a desenvolver de cara ao PDC, foi a realización do cuestionario SELFIE, destinado a Equipo Directivo, Profesorado e Alumnado dos últimos cursos de EP, co obxecto de obter unha visión de conxunto do centro en canto a diversos aspectos analizados nas áreas tratadas a través das distintas cuestións que nel se expresan.

Todo o profesorado tivo que facer, logo, un Test de Competencia Dixital Docente, no que se pretende obter en que nivel de acreditación se encontra o persoal docente do centro, ao mesmo tempo que se tira unha comparativa co resto de Galicia, servindo como referencia informativa á hora de ir encarando as futuras actuacións que a nivel formativo van ser necesarias para afianzar e mellorar en materia de competencia dixital.

Tomando como referencia os resultados das dúas ferramentas anteriores, fíxose unha análise exhaustiva dos mesmos, vendo onde se atoparon coincidencias, cales foron as mellores e peores valoracións, así como as discrepancias que en certos apartados aparecen de maneira notoria. De aí xurdiu a pregunta de por que se daban tales observacións, trasladando as conclusións a unha análise DAFO na que se plasmaron esas conclusións nas fontes internas e externas de información.

Coñecidas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, pasouse a deseñar un Plan de Acción, priorizando aqueles aspectos considerados como esenciais a desenvolver ao longo do próximo curso, e que van ser o comezo do camiño cara a consecución na comunidade educativa deste centro dunha competencia dixital adecuada e axustada á realidade da contorna. Os obxectivos marcados serán obxecto de desenvolvemento por parte dos docentes implicados, baixo as indicacións dos responsables, que velaran polo seu cumprimento. Serán obxecto de avaliación, para ir observando como se van realizando as accións previstas, adoptando as medidas necesarias que permitan unha correcta retroalimentación e consecución do inicialmente programado.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

- ➔ **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).**

O CEIP Princesa de España conta cun Cuarto de Comunicacions, onde se atopa o corazón da conectividade que o noso centro ten en relación coas redes. Dende ese lugar distribúese o sinal de conectividade por rede a todo o colexio, estando cableadas todas as dependencias (tanto aulas como espazos comúns e zona administrativa). Ademais, contamos con puntos de conexión sen fíos na sala de mestres, a zona administrativa, en dúas aulas do segundo andar, na biblioteca e nun corredor do cuarto andar da entrada esquerda (estes dous últimos instalados polo propio centro para ter cobertura suficiente nas zonas onde se atopan).

- ➔ **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos ultraportátiles para aula móbil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.**

Cóntase con equipamento, tanto nas aulas como nas zonas comúns e administrativa, para desenvolver os labores diarios de docencia e xestión do centro, aínda que con dotación obsoleta en moitos casos, tendo que ir repondo equipamento pouco a pouco, contando con aportacións de institucións tales como os Concellos de Verín e Monterrei que aportan alumnado ao centro, coma o uso de fondos dispoñibles, para tentar non perder posibilidades de avance e contar cunha operatividade idónea dos equipos dispoñibles, dada a rápida e imparable evolución no eido dixital que se está a producir neste mundo tan cambiante a velocidade de vertixe.

A continuación, na táboa seguinte, enumérase todo o equipamento co que conta o centro no momento de elaboración deste PDC, agardando pola dispoñibilidade da plataforma que AMTEGA poña á disposición dos centros, en canto lle sexa posible, para incorporar un inventario moito máis detallado, con todas as especificacións requiridas. A modo de listaxe, este é o equipamento e a súa distribución polos diversos espazos:



## PLANTA BAIXA

## Nº

## APARELLO

|                        |   |                          |
|------------------------|---|--------------------------|
| Sala de mestres        | 1 | Impresora/ fotocopiadora |
|                        | 1 | Impresora                |
|                        | 3 | Pantallas                |
|                        | 3 | Teclados                 |
|                        | 3 | Torres                   |
|                        | 1 | Proxector                |
|                        | 3 | Ratos                    |
| D.Orientación/Xefatura | 1 | Torre                    |
|                        | 1 | Teclado                  |
|                        | 1 | Pantalla                 |
|                        | 1 | Rato                     |
|                        | 1 | Teléfono                 |
| Secretaría             | 1 | Teclado                  |
|                        | 1 | Pantalla                 |
|                        | 1 | Rato                     |
|                        | 1 | Torre                    |
|                        | 1 | Escáner                  |
|                        | 1 | Fotocopiadora/ impresora |
| Dirección              | 1 | Impresora multifunción   |
|                        | 1 | Ordenador portátil       |
|                        | 1 | Teléfono                 |
| Administración         | 1 | Impresora/ fotocopiadora |
|                        | 1 | Pantalla                 |
|                        | 1 | Torre                    |
|                        | 1 | Teclado                  |
|                        | 1 | Rato                     |
|                        | 1 | Teléfono                 |
| DixitalGal             | 2 | Ordenadores portátiles   |
|                        | 1 | Impresora multifunción   |
|                        | 2 | Ratos                    |
| Aula Ed. Física        | 1 | Ordenador portátil       |
|                        | 1 | Impresora multifunción   |
|                        | 1 | Rato                     |

**Primeiro andar/ Entrada  
Dereita**
**Nº**
**APARELLO**
**Aula 12**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Aula 14**

- 1 Equipo sobremesa
- 2 Altosfalantes
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Aula Ed. Musical**

- 1 Equipo sobremesa
- 2 Altosfalantes
- 1 Equipo de son
- 1 Proxector

**Primeiro andar/ entrada  
esquerda**
**Nº**
**APARELLO**
**Aula 11**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Aula 13**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector
- 2 Altosfalantes

**Segundo Andar/  
Entrada Dereita.**
**Nº**
**APARELLO**
**Aula 22**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Aula 26**

- 1 Ordenador portátil
- 1 Rato
- 2 Altosfalantes

**Comedor E.I.**

- 1 Ordenador portátil
- 1 Rato
- 2 Altosfalantes
- 1 Proxector
- 1 Pantalla de proxección

## Segundo Andar Entrada Esquerda

Nº

## APARELLO

|         |   |                    |
|---------|---|--------------------|
| Aula 21 | 1 | Equipo sobremesa   |
|         | 1 | EDI                |
|         | 1 | Proxector          |
| Aula 23 | 1 | Equipo sobremesa   |
|         | 2 | Altosfalantes      |
| Aula 25 | 1 | Equipo sobremesa   |
|         | 1 | EDI                |
|         | 1 | Proxector          |
| Aula 27 | 1 | Ordenador portátil |
|         | 1 | Rato               |
|         | 1 | EDI                |
|         | 1 | Proxector          |
|         | 2 | Altosfalantes      |

## Terceiro Andar Entrada Dereita

Nº

## APARELLO

|                    |   |                             |
|--------------------|---|-----------------------------|
| Aula 32            | 2 | Equipos música/Radio CD     |
|                    | 1 | Ordenador portátil          |
|                    | 1 | Rato                        |
|                    | 1 | EDI                         |
|                    | 1 | Proxector                   |
| AULA 34 BIBLIOTECA | 1 | Equipo sobremesa profesores |
|                    | 1 | Impresora                   |
|                    | 1 | Proxector                   |
|                    | 1 | Pantalla de proxección      |
|                    | 2 | Altosfalantes               |
|                    | 2 | Equipos sobremesa alumnado  |
|                    | 1 | Equipo sobremesa Radio      |
|                    | 5 | Micrófonos                  |
|                    | 1 | Equipo de radio escolar     |

**Terceiro andar/ Entrada  
Esquerda**
**Nº**
**APARELLO**
**Aula 31**

- 1 Ordenador portátil
- 1 Rato
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Aula 33**

- 1 Ordenador portátil
- 1 Rato
- 1 EDI
- 1 Proxector
- 2 Altosfalantes

**Aula 35**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Cuarto andar/ Entrada  
Dereita**
**Nº**
**APARELLO**
**Aula 42**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector

**Aula 44**

- 1 Equipo sobremesa

**Aula 46**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector
- 2 Altosfalantes

**Aula 48**

- 1 Equipo sobremesa
- 1 EDI
- 1 Proxector
- 2 Altosfalantes

**Cuarto andar/ Entrada  
Esquerda**
**Nº**
**APARELLO**

|                |   |                    |
|----------------|---|--------------------|
| <b>Aula 41</b> | 1 | Equipo sobremesa   |
|                | 1 | EDI                |
|                | 1 | Proxector          |
| <b>Aula 43</b> | 1 | Ordenador portátil |
|                | 2 | Altosfalantes      |
|                |   |                    |
| <b>Aula 45</b> | 1 | Equipo sobremesa   |
|                | 1 | EDI                |
|                | 1 | Proxector          |
|                | 2 | Altosfalantes      |
| <b>Aula 47</b> | 1 | Ordenador portátil |
|                | 1 | Rato               |
|                | 1 | EDI                |
|                | 1 | Proxector          |
|                | 2 | Altosfalantes      |

**Quinto andar/ Entrada  
Dereita**
**Nº**
**APARELLO**

|                      |    |                        |
|----------------------|----|------------------------|
| <b>Aula 52</b>       | 1  | Equipo sobremesa       |
|                      | 2  | Altosfalantes          |
| <b>Aula 56 /Tics</b> | 4  | Ordenadores portátiles |
|                      | 15 | Equipos sobremesa      |
|                      | 1  | EDI                    |
|                      | 1  | Proxector              |
|                      | 1  | Escáner                |
|                      | 1  | Radio - CD             |

**Quinto andar/ Entrada  
Esquerda**
**Nº**
**APARELLO**

|                |   |                        |
|----------------|---|------------------------|
| <b>Aula 51</b> | 1 | Equipo sobremesa       |
| <b>Aula 53</b> | 1 | Equipo sobremesa       |
|                | 2 | Altosfalantes          |
| <b>Aula 55</b> | 1 | Equipo sobremesa       |
|                | 2 | Altosfalantes          |
|                | 1 | Impresora multifunción |

## EQUIPOS RETIRADOS

| Nº | APARELLO                 |
|----|--------------------------|
| 14 | CPU                      |
| 2  | Monitores                |
| 8  | Ordenadores portátiles   |
| 2  | Impresoras multifunción, |

## OUTRO EQUIPAMENTO

| Nº | APARELLO                          |
|----|-----------------------------------|
| 2  | Cámaras de vídeo                  |
| 2  | Trípodes de cámara fotos + Cámara |
| 1  | Cámara fotográfica                |
| 1  | Gafas 3D                          |
| 7  | Tabletas                          |
| 11 | Kits "Educa en Dixital"           |

➔ **Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).**

Para o desenvolvemento das tarefas, o centro usa ferramentas corporativas, de maneira que se aproveitan as posibilidades que estas poñen a disposición, facilitando o traballo, tanto docente como administrativo e de xestión.

Neste sentido, podemos facer mención a:

- Consultas diarias á paxina da Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), para estar atentos a todas as novidades e publicacións que afectan ao día a día.
- Uso do correo corporativo ([https://correoweb.edu.xunta.gal/login.php?new\\_lang=gl\\_ES](https://correoweb.edu.xunta.gal/login.php?new_lang=gl_ES)), tanto para recepción de notificacións, como para comunicación con outros centros, institucións e docentes.
- Acceso ao espazoAbalar (<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>) para a busca de contidos adecuados no desenvolvemento do labor docente diario.
- Páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipprincesaespanha/>), pouco usada na actualidade, pois estase a publicar noutra url, na que se publica a actualidade do centro de xeito máis habitual (<https://www.ceipprincesaespanha.org/>)
- A Aula Virtual (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipprincesaespanha/aulavirtual/>) deseñada en Moodle, que nos permite cargar contidos e realizar diversas actuacións, tanto co alumnado coma co profesorado.



- Utilización do servizo de videoconferencia Webex, ferramenta de comunicación utilizada en diversas ocasións, tanto para formacións como para comunicacións.
- Uso de mensaxería interna entre o profesorado para comunicación diarias.

### ➔ Xestión do mantemento do equipamento do centro.

No que respecta á asistencia técnica, cando xurde algunha incidencia relativa a problemas técnicos contáctase cos UAC (Unidade de Atención a Centros), normalmente vía telefónica a través do número 881 99 77 01, aínda que en determinadas ocasións se ten feito usando a vía correo electrónico ([uac@edu.xunta.gal](mailto:uac@edu.xunta.gal)). Tamén estamos ao corrente de poder contactar usando o formulario posto a disposición no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/uac>.

Por outra banda, contamos coa axuda prestada para determinadas incidencias que se poidan dar de maneira puntual, dun servizo técnico local da cadea BEEP, para contar con atención inmediata nas ocasións necesarias e atender ao equipamento non subministrado pola Administración, dada a non atención pola súa banda a este tipo de material.

### ➔ Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.

Lévase unha política de protección de datos acorde coa lexislación vixente, non dando a coñecer datos sensibles relativos á identidade das persoas relacionadas co centro, enfocada nos seguintes aspectos:

- Non facilitar a identidade a través de ningún medio, facendo públicas tan só notificacións xenéricas para que, quen o desexe, acuda ao centro para coñecer o seu estado en canto a calquera tipo de situación administrativa e / ou académica.
- Confección dun formulario de autorización para o uso da imaxe, asinado polas familias do alumnado tanto ao comezo de cada curso escolar como naquelas ocasións que así o requiren as circunstancias cando se realiza algún tipo de actividade para a que se precise de tal permiso.
- Alfabetización do alumnado encamiñado a que tomen conciencia dos perigos que comporta non manter as debidas precaucións en certos foros expostos cando se fai uso da Internet e das redes sociais.
- Posta en coñecemento da comunidade educativa de medidas a adoptar para evitar a exposicións de datos sensibles cando se usan medios dixitais.

A concienciación, educando neste sentido, resulta na sociedade unha materia pendente que se deberá continuar traballando no futuro e que, dende o noso centro, somos conscientes do moito camiño que falta por percorrer neste eido, así que seguiremos insistindo, dentro das nosas posibilidades, para conseguir persoas críticas e ben informadas ao respecto.

Existe un risco de que certos procesos de anonimización poidan revertirse no futuro. As circunstancias poden cambiar ao longo do tempo e os novos avances técnicos e a dispoñibilidade de información adicional poden pór en perigo os procesos de anonimización previos.

O contido anonimizado publicado debe ser sometido a revisión tanto de forma automática como manual para garantir de que non se produciu un erro no proceso de anonimización que expoña datos persoais dos administrados ou calquera usuario. Hai que incluír procedementos para revisar os metadatos que poidan estar incluídos na documentación publicada.

Tendo en conta estas e outras medidas de seguridade, estando ao día no coidado da súa aplicación, consultando dúbidas que poidan xurdir á Axencia Española de Protección de Datos a través da súa web <https://www.aepd.es/es>, teremos a posibilidade de estar en alerta e coidar a seguridade da nosa comunidade educativa.

Con respecto a todo o dito, sempre imos ter en conta:

- No uso das novas tecnoloxías e das aplicacións informáticas, débense consultar as condicións de uso e cumprilas.
- Os correos electrónicos que se envíen deben ser adecuados.
- Non hai que revelar o contrasinal nunca e é conveniente cambiala a miúdo.
- Apagar ou bloquear o equipo despois de usarse son prácticas aconsellables.
- Ha de terse en conta que o publicado en blogs e sitios web persoais pode ser accesible para outras persoas.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### → Autoavaliación SELFIE

SELFIE é unha ferramenta de autorreflexión colectiva sobre a capacidade dixital dos centros educativos baseada nunha serie de cuestionarios a equipos directivos, profesorado e alumnado. A finalidade de SELFIE é dar unha panorámica da capacidade dixital de cada centro e foi desenvolvida en base ao Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg).

O uso de SELFIE para recoller datos representativos é un exercicio conxunto entre JRC - Centro Común de Investigación da Comisión Europea, polas súas siglas en inglés (Joint Research Centre)-, o Ministerio de Educación e Formación Profesional e as Consellerías de Educación de todas as Comunidades Autónomas.

O cuestionario cobre oito áreas crave nas que se divide a capacidade dixital dos centros. Os resultados recóllense de forma anónima e agregada nun informe personalizado que soamente é accesible para o responsable SELFIE do centro. Dito informe serve para analizar as fortalezas e debilidades do centro educativo na aplicación das tecnoloxías dixitais nas súas prácticas docentes e de aprendizaxe.

Os resultados do informe mostran unha «instantánea» da situación do centro en relación co uso de tecnoloxía dixital para a aprendizaxe. O informe creouse a partir da información facilitada por o alumnado, profesorado e equipo directivo ao responder as preguntas e os enunciados. Os resultados utilizáronse para a reflexión persoal, para iniciar un debate dentro da comunidade educativa e para crear un plan de acción destinado a aumentar o uso das tecnoloxías dixitais co fin de mellorar o ensino e a aprendizaxe.

Coa análise dos resultados, obtemos unha panorámica da capacidade dixital do centro, facendo unha valoración conxunta das oito áreas e analizando puntos coincidentes e diverxencias apreciables, para tentar manter e mellorar os puntos fortes detectados, así como traballar co propósito de corrixir aqueles aspectos onde peor estamos e analizar as razóns polas que en certos puntos aparecen diferenzas apreciables e ver o xeito de limalas.

| ÁREAS                                   | GRUPOS                                                                                               | ENSINANZAS |        |      |      |           |
|-----------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|--------|------|------|-----------|
|                                         |                                                                                                      | Primaria   | E.S.O. | Bac. | F.P. | Post sec. |
| A. Liderado                             |  Equipo Directivo   | 2,9        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado        | 3,6        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado           |            | —      | —    | —    | —         |
| B. Colaboración e redes                 |  Equipo Directivo   | 2,1        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado        | 3,0        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado           | 3,5        | —      | —    | —    | —         |
| C. Infraestruturas e equipos            |  Equipo Directivo   | 2,9        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado        | 3,8        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado           | 3,9        | —      | —    | —    | —         |
| D. Desenvolvemento profesional continuo |  Equipo Directivo   | 3,5        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado       | 4,1        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado         |            | —      | —    | —    | —         |
| E. Pedagogía: Apoios e recursos         |  Equipo Directivo | 2,9        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado      | 3,7        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado         |            | —      | —    | —    | —         |
| F. Pedagogía: Implementación na aula    |  Equipo Directivo | 2,8        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado      | 3,5        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado         | 3,4        | —      | —    | —    | —         |
| G. Prácticas de avaliación              |  Equipo Directivo | 2,3        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado      | 2,8        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado         |            | —      | —    | —    | —         |
| H. Competencias dixitais do alumnado    |  Equipo Directivo | 2,6        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Profesorado      | 3,0        | —      | —    | —    | —         |
|                                         |  Alumnado         | 3,7        | —      | —    | —    | —         |

## → Test CDD

O Test de Competencia Dixital Docente (test CDD), é unha ferramenta relacionada co uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos:

- Colaboración e comunicación profesional
- Aprendizaxe e desenvolvemento persoal
- Busca e desenvolvemento de recursos dixitais.
- Práctica docente e aprendizaxe.
- Avaliación do alumno.
- Facilitar as competencias dixitais do alumnado.

Non se deseñou para avaliar rendemento, senón para empoderar aos docentes a reflexionar sobre a súa competencia dixital. Baseado nos seus resultados, os profesores poden deseñar os seus itinerarios de aprendizaxe para desenvolver a súa competencia e confianza neste ámbito.

A realización do test CDD fíxose a través de FPROFE, e supón un apoio para o deseño do PDC, dado que proporciona unha autorreflexión sobre o estado a nivel de competencia dixital do profesorado, comparando os resultados obtidos por cada un coa media do resto de Galicia, o que permitirá coñecer a cada quen o seu posicionamento en comparación con outros e ter pistas de como poder mellorar de cara ao futuro.

Como reflexo do obtido, incluímos no PDC as seguintes táboas sacadas do Informe de Centro, que dan unha visión da realidade do profesorado do noso centro en canto a participación, puntuación a nivel global, puntuación por etapas e distribución do profesorado por nivel acadado, a modo informativo, en función da puntuación obtida.

| Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do TestCDD) |                              |                      |                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|----------------------|-----------------|
|                                                                                       | Nº profesorado que participa | Nº profesorado total | % participación |
| <b>DEFINITIVO</b>                                                                     | 13                           | 15                   | 86,7%           |
| <b>PROVISIONAL</b>                                                                    | 2                            | 2                    | 100%            |
| <b>INTERINO</b>                                                                       | 6                            | 8                    | 75,0%           |
| <b>SUBSTITUTO</b>                                                                     | 8                            | 11                   | 72,7%           |
| <b>OUTROS</b>                                                                         | 2                            | 2                    | 100%            |

| Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do TestCDD) |                      |                                                 |                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------|
| Puntuación media do test (sobre 192)                                                  | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
| 72,1                                                                                  | Integrador/a (B1)    | 76,4                                            | Integrador/a (B1)               |

| <b>Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do TestCDD)</b> |                                             |                             |                                                        |                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------|--------------------------------------------------------|----------------------------------------|
|                                                                                               | <b>Puntuación media do test (sobre 192)</b> | <b>Nivel de competencia</b> | <b>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</b> | <b>Nivel de competencia en Galicia</b> |
| <b>E.I.</b>                                                                                   | 65                                          | Integrador/a (B1)           | 68,2                                                   | Integrador/a (B1)                      |
| <b>E.P.</b>                                                                                   | 71,9                                        | Integrador/a (B1)           | 77                                                     | Integrador/a (B1)                      |

| <b>Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do TestCDD)</b> |                                                  |                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
|                                                                                         | <b>Total profesorado no nivel de competencia</b> | <b>% de profesorado participante neste nivel</b> |
| <b>A1</b>                                                                               | 3                                                | 9,7%                                             |
| <b>A2</b>                                                                               | 13                                               | 41,9%                                            |
| <b>B1</b>                                                                               | 7                                                | 22,6%                                            |
| <b>B2</b>                                                                               | 8                                                | 25,8%                                            |
| <b>C1</b>                                                                               |                                                  |                                                  |
| <b>C2</b>                                                                               |                                                  |                                                  |
| <b>TOTAL</b>                                                                            | 31                                               | 100,0%                                           |

## → Outras fontes

Para chegar á realización da análise DAFO do centro, usárense ferramentas que, ademais dos resultados obtidos no cuestionario SELFIE e o Test CDD, serviron de axuda para unha detallada elaboración do mesmo.

➤ Fíxose unha primeira aproximación usando o SELFIE\_PTK, para a revisión dos resultados obtidos. No mesmo, contestouse a cuestións tales como:

- Existen diferenzas importantes entre os resultados da súa escola nas oito áreas?
- Unha zona é particularmente alta ou particularmente baixa en media?
- Sorpréndete os resultados nalguna área? Por que?
- Hai diferenzas importantes nas respostas medias entre os tres grupos de usuarios?
- Se é así, sorpréndete esa diferenza? Cal pode ser a causa subxacente das diferenzas?
- Existen diferenzas importantes na resposta que os distintos grupos de usuarios dan ás declaracións individuais, unha a unha?
- Existen diferenzas importantes na súa resposta media a cada unha das áreas temáticas do Informe SELFIE?
- Unha zona é particularmente alta ou particularmente baixa en media?
- Destaca algunha resposta en particular nalgún nivel? De que xeito?
- Mira o seis Áreas Adicionais de SELFIE proporcionando detalles extra. Que resultados dá o teu Informe SELFIE para esas áreas adicionais?



- Realización dunha análise cualitativa do Informe SELFIE, co obxecto de descubrir os aspectos internos e externos que afectan ao noso centro.

| ASPECTOS INTERNOS                                                                                                                                                  | NOTAS |   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|---|
|                                                                                                                                                                    | D     | F |
| Existencia dunha estratexia dixital.                                                                                                                               | X     |   |
| Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.                                                                                       | X     |   |
| Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro.                                                                                         | X     |   |
| Resolución de incidencias técnicas.                                                                                                                                |       | X |
| Creación de recursos educativos dixitais.                                                                                                                          | X     |   |
| Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación.                                                                                  | X     |   |
| Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materias.                                                                                              | X     |   |
| Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc. | X     |   |
| Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa.                                                                                      | X     |   |

| ASPECTOS EXTERNOS                                                    | NOTAS |   |
|----------------------------------------------------------------------|-------|---|
|                                                                      | A     | O |
| Achegas económicas que recibe o centro.                              |       | X |
| Existencia de proxectos externos.                                    | X     |   |
| Condicións socioeconómicas da contorna.                              | X     |   |
| Estabilidade laboral do persoal docente.                             | X     |   |
| Estabilidade laboral do persoal non docente.                         |       | X |
| Relación coa/a ANPA/s.                                               | X     |   |
| Participación das familias.                                          | X     |   |
| Dotación de equipamento tecnolóxico.                                 | X     |   |
| Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. | X     |   |
| Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa.   |       | X |

- Co uso do “Modelo dos 3 porqués”, tenteouse dar resposta aos aspectos:
  - Busca no informe SELFIE dos dous aspectos coa maior puntuación e reflexiona sobre tres motivos que xustifican a valoración tan positiva.
  - Repetiuse o proceso anterior cos dous aspectos coa puntuación máis baixa.
  - Por último identificáronse os dous aspectos que presentan maior dispersión entre a valoración dos tres axentes (equipo directivo, profesorado e alumnado). Fíxose unha reflexión sobre 3 posibles causas que explicuen esa diverxencia.
- Coméntouse tamén o Informe de centro obtido do Test CDD, feito polo profesorado do centro, en comparación coa media xurdida no resto da Comunidade Autónoma (datos reflectidos nas táboas que aparecen no apartado correspondente).

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital.

Seguíronse, na súa elaboración, os consellos recibidos, tales como:

- Facer unha interpretación realista da situación.
- Procurar unha visión de futuro para o plantexamento duns obxectivos adaptados a esta análise.
- Visión das características fundamentais das competencias dixitais.
- Recompilación de aspectos que poidan aportar información para as distintas categorías.
- Considerar a ferramenta como unha axuda que será avaliada e revisada.

| INTERNOS   |                               | FORTALEZAS                                                                                                                                                                                     | DEBILIDADES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|------------|-------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO |                                                                                                                                                                                                | 1. Baixo uso das ferramentas corporativas, tanto a Aula Virtual como as de comunicación.<br>2. Uso moi escaso dos encerados dixitais, por parte do profesorado, limitándose, en moitos casos, a un uso para proxección.                                                                                                                                                        |
|            | PERSOAL DOCENTE               | 1. Case 1/3 do claustro conta cunha acreditación entre media e media alta en aspectos relacionados coas TIC.                                                                                   | 1. Falta de tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.<br>2. Máis dos 2/3 do persoal docente presenta un nivel inferior ao medio no relativo a capacitación dixital.<br>3. Escasa creación de recursos educativos dixitais.<br>4. Non se reflicte unha incorporación adecuada por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para avaliar. |
|            | PERSOAL NON DOCENTE           |                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|            | ALUMNADO                      |                                                                                                                                                                                                | 1. Deficientes habilidades dixitais adquiridas polo alumnado nas diferentes materias.<br>2. Falta de incorporación de conceptos relacionados co comportamento seguro e responsable no uso da Internet.                                                                                                                                                                         |
|            | FAMILIAS                      | 1. Utilización de recursos comunicativos alternativos aos corporativos, coma listas de distribución.                                                                                           | 1. Escasa equipación e formación dixital.<br>2. Desinterese no aspectos colaborativo á hora de uso das ferramentas corporativas.                                                                                                                                                                                                                                               |
|            | OFERTA                        | 1. Achega de ideas e concursos participativos para o alumnado pretendendo a motivación no uso das TIC.<br>2. Dinamización e publicidade en diferentes redes sociais e na páxina web do centro. | 1. Estratexia dixital.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|            | ORGANIZACIÓN DE CENTRO        | 1. Aceptable atención na resolución incidencias técnicas.                                                                                                                                      | 1. Canles comunicativas entre as distintas etapas do centro con deficiencias.                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |

| EXTERNOS   |                          | OPORTUNIDADES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | AMEAZAS                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|------------|--------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Posibilidades de que o profesorado que se incorpore conte cun nivel alto no uso e aproveitamento de ferramentas dixitais.</li> <li>2. Achegas económicas que recibe o centro axeitadas ás necesidades.</li> <li>3. Estabilidade laboral do persoal non docente do centro.</li> </ol> | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Inestabilidade do claustro, con cambios continuos e perda de pezas importantes.</li> <li>2. Dotación equipamento tecnolóxico insuficiente e obsoleto, observándose a necesidade de incremento e actualización do mesmo.</li> </ol>         |
|            | LEXISLACIÓN              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Observación das normas e deberes de autor e licenzas de uso.</li> </ol>                                                                                                                                                                    |
|            | CONTORNA                 | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existencia de proxectos externos de colaboración con institucións e organizacións.</li> <li>2. Relación aceptable con persoas que non forman parte da comunidade educativa.</li> </ol>                                                                                               | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Condición socioeconómicas da contorna media-baixa, dificultando o acceso a medios tecnolóxicos.</li> <li>2. Acceso alumnado á dispositivos dixitais fóra do centro moi baixo, por problemas socioeconómicos e de conectividade.</li> </ol> |
|            | ANPA                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Relación coa Anpa moi escasa, con liñas de comunicación pouco fluídas.</li> <li>2. Case nula participación das familias na actividade cotiá do centro, cun uso deficiente de ferramentas dixitais.</li> </ol>                              |
|            | OUTRAS ENTIDADES         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                      |

### 3. Plan de Acción

O Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Para o seu deseño, partimos dos datos obtidos ao longo de todo o proceso, debullado nos apartados anteriores, con especial atención ás consideracións reflectidas na análise DAFO, dado que é a ferramenta onde aparecen os aspectos internos e externos que son a base para o plantexamento dos obxectivos.

As táboas nas que aparecen expresados os obxectivos, que cumpren coas esixencias marcadas en canto que se trata de obxectivos SMART, aparece a “Área ou áreas de mellora” nas que está divido o cuestionario SELFIE para, deste xeito, ter relación coas áreas definidas no DigCompOrg.

Polo feito de ser SMART, os obxectivos cumpren estes criterios:

- **Específico** (Specific). Ao fixar un obxectivo, este debe ser o máis específico posible. Responde as preguntas crave quen, que, onde, como e porqué.
- **Medible** (Measurable). Permite facer un seguimento do proceso para ver o progreso e a eficacia. Para iso debe ser cuantificable.
- **Alcanzable** (Achievable). Fixáronse metas realistas, que se poden alcanzar. Tratamos de adaptarnos ao prioritario para tentar chegar á meta do proposto.
- **Relevante** (Relevant). Son importantes, e representan un reto e un gran avance para o centro.
- **Temporalizados** (Time-based). Fixáronse prazos para alcanzar o obxectivo. Trátase de manterse activos, de non caer na preguiza e enfrontarse ante aos obstáculos cando aparezan.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Como se indica anteriormente, os obxectivos plantexados no Plan de Acción cumpren cos criterios de ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e cunha planificación temporal para cada un deles.

No deseño dos mesmos seguimos o seguinte proceso:

- **Fase de pensamento diverxente**: Formulamos, individualmente, obxectivos que nos pareceron necesarios a acadar nun máximo dun ano, para chegar aos resultados desexados.
- **Fase de pensamento converxente**: Compartimos as ideas co resto dos integrantes do equipo e buscamos o consenso, agrupando as similares e eliminando as accións que se repetían.
- **Fase de priorización**: Por votación, cadaquén asignou un valor aos obxectivos que considera relevantes para a súa consecución. Seleccionáronse un número realista para incluír no Plan, no noso caso optamos por tres obxectivos.

O resultado de todo este proceso foi o que aparece nas seguintes táboas:

## Táboas Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Liderado (A) – Colaboración e redes (B) – Infraestruturas e equipos (C) |                                      |                                                                                                |                                                 |                          |           |                    |  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------|-----------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1):                                                                            |                                      | Avanzar no uso e coñecemento dos EDI e o software dos mesmos para a creación e uso co alumnado |                                                 |                          |           | Acadado            |  |
| RESPONSABLE:                                                                                 |                                      | Equipo TICS                                                                                    |                                                 |                          |           | Non acadado        |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)                                                                |                                      | Máis do 60% do persoal docente é capaz de realizar autonomamente actividades no EDI            |                                                 |                          |           |                    |  |
| Valor de partida (3)                                                                         |                                      | Menos do 20% utiliza correctamente O EDI                                                       |                                                 |                          |           |                    |  |
| Valor previsto e data (4)                                                                    |                                      | O 65% do persoal docente debería usar con certa habilidade o EDI                               |                                                 |                          |           | TERCEIRO TRIMESTRE |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER                                                                        |                                      |                                                                                                |                                                 |                          |           |                    |  |
| DESCRICIÓN (5)                                                                               | RESPONSABLES (6)                     | DATA PREVISTA FIN (7)                                                                          | RECURSOS NECESARIOS (8)                         | SEGUIMENTO DA ACCIÓN     |           |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) |           | ESTADO (10)        |  |
| AO1.1: Petición de cursos de formación                                                       | Coordinación TIC<br>Coordinación PDC | 30 / 10 / 2022                                                                                 | Solicitud PFPP.<br>Concesión liña de formación. |                          | Realizada |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Aprazada  |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Pendente  |                    |  |
| AO1.2: Desenvolvemento da formación                                                          | Equipo TIC                           | 1º TRIMESTRE                                                                                   | Formadores<br>EOI                               |                          | Realizada |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Aprazada  |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Pendente  |                    |  |
| AO1.3: Creación de actividades para EDI                                                      | Equipo TICS                          | 2º TRIMESTRE                                                                                   | EDI                                             |                          | Realizada |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Aprazada  |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Pendente  |                    |  |
| AO1.4: Videotitoriais para compartir nas redes.                                              | Equipo TICS                          | 3º TRIMESTRE                                                                                   | Equipo audiovisual<br>Páxina web do centro.     |                          | Realizada |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Aprazada  |                    |  |
|                                                                                              |                                      |                                                                                                |                                                 |                          | Pendente  |                    |  |

| "Área/s de mellora": Liderado (A)                             |                               |                                                                                             |                                                     |                                         |              |             |  |
|---------------------------------------------------------------|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------|-------------|--|
| 二                                                             | 2. OBXECTIVO (1):             | Fomentar as vías de comunicación coas familias mediante o uso das ferramentas corporativas. |                                                     |                                         |              | Acadado     |  |
|                                                               | RESPONSABLE:                  | Equipo Directivo                                                                            |                                                     |                                         |              | Non acadado |  |
|                                                               | INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | 1. Menos do 25%<br>2. Entre un 25% e 50%                                                    |                                                     | 3. Entre un 50% e 75%<br>4. Máis do 75% |              |             |  |
|                                                               | Valor de partida (3)          | Actualmente non se utiliza Abalar Móbil . 0%                                                |                                                     |                                         |              |             |  |
|                                                               | Valor previsto e data (4)     | Chegar a que o 80% das familias use Abalar Móbil                                            |                                                     |                                         | 1º Trimestre |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER                                         |                               |                                                                                             |                                                     |                                         |              |             |  |
| DESCRICIÓN (5)                                                | RESPONSABLES (6)              | DATA PREVISTA FIN (7)                                                                       | RECURSOS NECESARIOS (8)                             | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN                   |              |             |  |
|                                                               |                               |                                                                                             |                                                     | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)                |              | ESTADO (10) |  |
| AO2.1: Programa de sensibilización para o uso de Abalar Móbil | Equipo Directivo              | 01 / 10 / 2022                                                                              | Comunicados coas familias.<br>Reunións presenciais. |                                         |              | Realizada   |  |
|                                                               |                               |                                                                                             |                                                     |                                         |              | Aprazada    |  |
|                                                               |                               |                                                                                             |                                                     |                                         |              | Pendente    |  |
| AO2.2: Videotitoriais                                         | Equipo Docente                | 1º Trimestre                                                                                | Medios audiovisuais.<br>Páxina web.                 |                                         |              | Realizada   |  |
|                                                               |                               |                                                                                             |                                                     |                                         |              | Aprazada    |  |
|                                                               |                               |                                                                                             |                                                     |                                         |              | Pendente    |  |





### Axuda para completar a táboa:

- (1). **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recomendámosvos que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

- (2). **INDICADOR: Define os indicadores que vos permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3). **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- (4). **VALOR PREVISTO:** é a cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5). **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6). **RESPONSABLES:** Que son as persoas implicadas e responsables de realizar a liña de acción.
- (7). **DATA PREVISTA FIN :** data concreta na que finalizaría a acción completamente.
- (8). **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,...)
- (9). **VALORACIÓN DA ACCIÓN** é recomendable valorar o logro de cada acción de mellora, e é recomendable se utilizamos un indicador **concreto e cuantificable**, respecto á liña de acción.
- (10). **ESTADO:** Podemos utilizar esta mesma táboa para avaliar finalmente o noso plan de xeito rápido, comprobándose o cumprimento do logro de cada liña acción.

## 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### ➔ Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos.

Como aparece reflectido no listado de equipamento do centro no apartado 2.1. (Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais), certos elementos que formaron parte do mesmo foron retirados, debido á súa obsolescencia (algúns deles levan no centro desde antes do ano 2006); funcionamento non acorde co momento pola súa lentitude e dificultade de conseguir un mellor rendemento dotando a estes equipos dunha ampliación de memoria e / ou incorporarlles discos duros SSD, pois os seus procesadores non estarían a altura para chegar a optimizar o seu rendemento; ou ben, pola mala definición de imaxe (no caso de monitores), aparecendo borrosa, algo que resulta nada aconsellable para a saúde visual dos usuarios.

En base ao anteriormente descrito, dende o centro desexaríamos unha dotación acorde ás circunstancias actuais, dado que resultaría de utilidade para poder renovar os equipos existentes (con especial prioridade os instalados na Aula TIC), para continuar os labores do proceso de ensino e aprendizaxe que en relación á educación dixital e en medios tecnolóxicos estamos a desenvolver.

Neste sentido, pretendemos realizar unha petición formal para que sexa atendida a nosa demanda, dando a coñecer neste documento a nosa intención. Gustaríanos que no centro houbera dispositivos adecuados para o desenvolvemento dos labores cotiás, tanto docentes como administrativos, sendo ao mesmo tempo conscientes da dificultade que comporta satisfacer todas as demandas, aínda que no noso caso teña habido poucas, polo temos o convencemento que serán atendidas de bo grao.

Tamén temos a intención de mellorar, se cabe aínda máis, as posibilidades de conectividade do centro, dotando de máis puntos de conexión sen fíos, ademais de ver se teríamos opción a algunha conexión cableada a maiores das existentes, sobre todo para a aula TIC e a futura aula adicada aos Polos Creativos, dada a nosa participación na petición de ser incluídos en dito programa.

Todas estas demandas realizarase a UAC, achegando un coñecemento previo ao noso asesor Abalar de zona.

## 4. Avaliación do plan

Como calquera actuación que se leva a cabo, o PDC tamén vai contar cunha avaliación, que estará activa ao longo de todo o período de aplicación do mesmo para, deste xeito, ir obtendo información que permita valorar o estado no que se atopa a consecución de cada un dos obxectivos e actuación previstas.

Nesta avaliación terase en conta o descrito no Plan de Acción, analizando datos relativos á aprendizaxe do alumnado, ao desenvolvemento profesional continuo do profesorado a través da súa formación e aplicación das tecnoloxías dixitais no seu labor educativo cotiá, ademais de ver como se vai debullando ao PDC. Con estas ferramentas seremos capaces, a través de diversos instrumentos de avaliación, de ir obtendo resultados, facer unha análise dos mesmos e practicar aquelas medidas que resulten necesarias para unha correcta retroalimentación.

Para poder levar este control e ser quen de monitorizar todo o proceso, contaremos con dous tipos de avaliación:

### ➤ **Avaliación procesual**

A avaliación procesual é aquela que se aplica no transcurso dun proceso ou dunha actividade para coñecer como se está desenvolvendo o currículo, en referencia a un deseño previo. Ten por obxecto someter de maneira sistemática e continua a revisión o plan inicial (o Plan de Acción) co fin de reconducilo nos termos que sexan necesarios. A avaliación procesual serve como mecanismo de comprensión e de mellora, para axustar e regular sobre a marcha os procesos.

Este tipo de avaliación é de gran importancia xa que ao ofrecer información permanente sobre o desenvolvemento das accións iniciadas permite un coñecemento rigoroso e unha mellora oportuna do proceso, en tanto que controla se o planificado está a resultar como se previu ou se aparecen algunhas desviacións que é necesario reaxustar e así evitar posibles resultados negativos.

A avaliación procesual cumpre unha función reguladora, oríéntase a corrixir ou axustar os funcionamentos a fin de mellorar. Regúlase todo o proceso na súa estrutura e funcionamento así como en todos os seus elementos a través dunha retroalimentación permanente, á luz da información recollida que alcance a avaliación.

Os instrumentos que se empregarán para a avaliación do PDC serán enquisas, cuestionarios e listas de rexistro de asistencia aos diferentes cursos e charlas relacionados coa formación pertinente.

A información recollida, levaranse a cabo ao finalizar cada trimestre a través da aula virtual do centro (nas actividades cunha temporalización inferior a un trimestre realizaranse ao finalizar a actividade).

O deseño de cada un dos instrumentos perfilarase ao longo do proceso, dependendo o tipo de acción a avaliar, o momento en que se leve a cabo e o colectivo ao que vaia dirixido. Valoraranse os resultados e adoptaranse aquelas medidas de retroalimentación pertinentes, coas modificacións necesarias en cada caso para a consecución do previsto, volvendo revisar as actuacións acometidas para corroborar que se conseguiu o inicialmente proposto.

### ➤ **Avaliación final**

Realizarase ao finalizar do proceso, ao tentar interpretar, valorar e xulgar os resultados alcanzados en función dos obxectivos marcados na planificación xeral do Plan de Acción. Permitíranos razoar sobre os obxectivos alcanzados, o grao de satisfacción das necesidades establecidas, ver os puntos positivos e negativos para tentar darlles solucións. Permitirá determinar os obxectivos alcanzados nun momento determinado.

Non vai constituír un acto illado, independente ou último do proceso, senón que vai forma parte dun proceso continuo en conexión coa avaliación procesual. Establecerase unha investigación preto da práctica, unha cuantificación e cualificación que se reflectirá no período posterior.

As ferramentas e instrumentos a utilizar vanse ir deseñando a medida que o proceso se vaia desenvolvendo, tendo en conta as indicacións recibidas a nivel institucional para un seguimento adecuado e a implementación das modificacións que resulten necesarias para continuar progresando no eido das competencias dixitais.

## 5. Difusión do plan

A primeira comunicación da existencia do PDC será, como se di na norma, o coñecemento por parte do Claustro, dado que hai que informalo e darán a súa opinión sobre a idoneidade do mesmo. A continuación, pasará ao Consello Escolar, a quen se lle fará un achegamento do mesmo, presentándolle o produto final xurdido de todo o proceso e que terán que emitir a súa opinión que, ser favorable, resultará aprobado para o seu desenvolvemento e aplicación.

Superados os trámites anteriores, a difusión do plan levarase a cabo a través da páxina web do cole cando se informe ao claustro de mestres e sexa aprobado polo consello escolar, así como nas reunións de principio de curso coas familias e aos novos membros do claustro.

Ao longo do curso tamén se difundirá a través doutros medios como dípticos, carteis e outras actuacións a través da rede que irán dando a coñecer as partes máis importantes do PDC para que todos os membros da comunidade educativa o sintan como propio.